

A. NOVA TERRA

BOLETIN DECENAL

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

PREZOS DE SUSCRIZON

Na Cruña ó mes, 40 cts.
Coste d'un núm. 15 »

Fora, trimestre, 1'50 pts.
América, id. 2 »

Pagos adiantados

Redacción e Administración: PASEIO MÉNDEZ NÚÑEZ (Irmandade da Fala)

Números 85 y 86

A CRUÑA 15 DE ABRIL DE 1919

Pequenas considerazóns

ALGO SOBOR DE NÓS

Hal dentro da autuazón das "Irmandades da Fala", dentro da autuazón nazonalista galega —que a tanto equival o decir "Irmandades,"— certa parsimonia e certa falla da actividade nada comenentes e, pol-o contrario, moi facilmente perxudiciaes en apostolados cal o noso, de renovazón l-erguemento d'unha patria. Cando a labor debere sere altivísima, atelgada d'unha febrilidade e de un maquina-re constante, sin qu'endexamais pulderan ollárense soluzóns de continuidade, istas, por mal fado, ofrécenos con freconza por demais abundosa. E non é que o entusiasmo falle e os azos non se hachen dispostos de cote pra loita e pra o sacrificio, non. E qu'unha boa organización, unha completa e sólida distribución l-especialización do traballo propagador e trasmisor falla. Todos fan todo e cada un dos nazonalistas sirve pra as mesmas cousas qu'os demais. E isto non pode sere. E isto por moito que se traballe e por moito que se lalga, non pode donare, endexamais, os mesmos resultados que si cada un consagrara as suas actividades a unha cousa determinada. A caridade de tal aserto até os mals cegos chega. As ventaxas da especialización sobor do enciclopedismo por todos son conocidas.

Hal quen pensa qu'en propagandas do xeito da nazonalista, n-istas propagandas verdadeiros apostolados, o fautor elocuencia o fautor cultura, todos istes factores, n-unha verba, saídos d'unha preparazón filla do estudo son os esenciaes, cicais os únicos pra que un poida chamárese apóstol, propagandista ou pol-o menos loitador eficaz do santo ideal. E nada mals lonxe da verdade. En mals d'unha oca-

sión, con freconza d'abondo tales fautores moi facilmente estorban, perxudican, chegan a sére até contraproducentes. Por riba de todo, o esencial, a condizón ineludible, *sine qua non*, é a do entusiasmo, a da adhesión incondicional e sin reserva algunha á idea; o santo e le-xítimo fanatismo qu'obliga a un a convertírese en escravo, en dócil instrumento da mesma. Sin eso pouco importan a cultura, o talento, a elocuencia. Elas de por sí non abondan pra poer acesos o corazón e a yalma. E cantas veces un frío verbalismo hoco saído d'unha cultura feita a presa, como a maioría das culturas que se estilan, sirve de xarro d'auga fría que ven a mormecere, a apagare os nobres e santos entusiasmos, llmpox de toda mácula, con que os espritos l-nenuos manifesten a incondicionalidade da sua estreita fusión con aqueles ideaes afincados fortemente nos corazóns, orixen de toda quentura, non nos cerebros, onde todo frío verbalismo centífico, increador e infecundo, ten o seu arranque.

Unha sola cousa é mester pra sere apóstol, pra loitare con resultados: ter fe, ter seguridade ausoluta n-aquelo porque se loita. A fe, a firmeza no ideal leva a todol-os extremos e conduce a todol-os sacrificios. Por ela, solo por ela o tímido faise valente, e o cobarde héroe. Debido a ela o egoísmo individual desaparece; a propia comenenza oscurecese, vaise esfumando; o esquecemento da propia persoalidade impónse. E por riba de todo e como derivazón de todo eso surxe a barilidade puxante que obriga ó sacrificio; a cegueira pra todo o que non sexa o ideal; a íntima compenetrazón e

Identificazón con él, aquilo en suma que, deixando a un xordo pra todo o que non sexa o berro da afincada idealidade, obríga a faguere delixión de sí mesmo pra ofrescérese enteiramente e sin reserva algunha ó santo ideal que tivo tal virtude. E isto, percisamente isto, é o que ocorre có noso sagro ideal nazonalista.

Por tal circunstanz, unha vez afincado o sentimento da patria propia, da verdadeira patria, na yalma; adquirido o sentimento conscente e pleno, cheo de maturidade, d'unha patria que a total-as horas fala en un, atelgándoo, delixándose sentir, transmitíndolle quentura, entusiasmos, agarimos e xenrelras fillales; aquel, n-unha verba, en quen tal sucede trócase, de criatura pasiva, chea de friaxe, como algo morto, en ser activísimo, exempro d'enerxéticos, home-acción aburado pol-a febre qu'un sentimento—o da patria—produce cal ningún outro. E o todo que denantes era friaxe, falla de quentura, inactividade, silencio d'espiritualidade morta, ven a convertírese, por obra escrusiva do ideal nazonalista que mina até remove o mals oculto, en todo o contrario. E todo o contrario ó froitificare n-un dona lugar ó xurdimento do apóstol, do loitador baril, do propagandista exemplar da boa nova, qu'unhas veces con preparazón cultural, e outras sin ela, executa a sua labor de proselitismo con xeito admirabile.

C. ESPASENDE.

UN HOMENAXE

En Ourense foi rendido un agarlmoso homenaxe a bellda segrela Peplina Miranda e ó múseco Pepe F. Vide, que no gran Café Moderno da cibdade das Burgas deron varios concertos de arte galego, cantando d'un xeito ma-xistral aires da nosa terra, recolleitando moitos aplausos.

GRAMATICA GALEGA

VÉNDESE na nosa ADEMINISTRAZÓN

PREZO 50 CÉNTIMOS

Os gastos de correo son de conta dos que a merquen

VERSOS NOVOS

Por VICENTE RISCO

Cántiga pra'compañar co pandeiro

Veira da fonte, baixo da nogueira,
¡Ou ledo agarimo das brancas umbelas
Que co vento fan un baile d'estrelas!
—¿Queres ouvil-as historias das fillas dos reises?—

Dend'a fonte, baixo da nogueira,
Corr'antr'as xuncas espesas un craro regueiro
Que reg'o lameiro
—¿Queres ouvil-as historias dos príncipes tolos
[que van de camiño?—

N-a fonte, baixo da nogueira,
Cantan as rás pola noite pedind'o que non lle dan
E brincan antr'as feutas pola mañan.
—¿Queres ouvil-as historias das meigas que viven
[nos montes espesos?—

A fonte, baixo da nogueira,
Veñen bebel-os rapaces que gardan o gando
Rapaces nacendo e morrendo, vivindo e soñando...
—¿Queres ouvil-as historias dos nenos perdidos
[que chegan a reises?—

Por riba da fonte, baixo da nogueira,
Hai un niño de serpes que ninguén pudo hachar
Mais elas sintens'asubiar...
—¿Queres ouvil-as historias dos demos cornudos
[qu'atentan ós homes?—

Perto da fonte, baixo da nogueira,
Un hom'atopou unha calavera
Ninguén soupo xamais de quen era.
—¿Queres ouvil-as historias das almas en pena?—

Baixo da fonte, baixo da nogueira,
Hai encantados imensos tesouros
Do tempo dos mouros...
—¿Queres ouvil-os encantos de San Ciprián?

Si leiches ben a cántiga inteira,
O encanto telo na man,
Veira da fonte, baixo da nogueira...

Balada de mal cristián

De prata pon labaradas
O luar nas almas nosas
Y-está cenguido d'espadas
O curazón e de rosas.
No vaso da saudade
De soñes vert'un regueiro,
Qu'esmorece a crarlidade,
Cantarín e cantareiro.
Qu'as nosas almas se vayan
Arestora nonos pesa
Qu'está o vaso d'Omar Khayyan
Valeiro r'iba da mesa

Os intreses de Cariño

Os cidadans de Cariño non acougan na
sua loita contra o caciquismo que pretende
abafar aquela fermosa vila. N-estes días circu-
lou por alí unha follá en que se da a voz
d'alerta ós marfileros pra que non se del-

E dos nosos peitos cola
Non sel s'alma, sangue ou viño.
Cecals noso sere cola
Com'ou luar no camiño.
De prata pon labaradas
O luar nas almas nosas
Y-está cenguido d'espadas
O curazón e de rosas.
Non sel s'hai sangu'ou s'hai viño
No vaso da saudade.
Aló ó cabo do camiño
Reloce na eternidade.
Do noso pelto a ferida
Derrama d'alma un regueiro.
N'él vais'ou cantar da vida
Cantarín e cantareiro.
Qu'as nosas almas se vayan
Arestora nonos pesa
Que xa o vaso d'Omar Khayyan
Valeiro quedou na mesa.
De prata pon labaradas
O luar nas almas nosas
Y-está cenguido d'espadas
O curazón e de rosas.

Interior o Gaston La Touche

A tarde d'ouro métese n-a sala.
A morna, ennubecida primadeira
Nímbase d'unha doce crarlidade,
Tépeda, opalecida solaneira
—co-a que non arestora se contaba—
Sen comparanza na memorea miña,
Xa que parés se fixo tan da casa,
Homilde, carcliosa, amorosíña,
Qu'arrematar endexamais debere
Nen vir o poente chelo de tristura...
Valeirado de todo, meu esprito
Báñase do serán n-esta dozura.
Parés que fixo ó corpo somellante
A sí mesmo. Volveuno espritado
Com'a corpo celeste e grorioso,
Hastra se non sentire violentado
De vivir n-él; e d'iste raro xeito,
Este meu ser cuaseque non sentindo,
Móvome no serán, coma n-un éxtase,
Sinxelamente, o senso intelro abrindo
As cousas coñecidas que me chaman
E me tran a lembranza do meu sere
Tan esquecido ó tempo, e reducido
O seu límite xusto ó mundo y-o querere...

xen enganar por quen quere vivir á costa
d-eles.

Trátase de formar unha Sociedade de Resis-
tanza pra que os intreses de povo e dos mar-
fileros non estén abandonados e non metan
baza os labercos que andan buscando o sol
que mais quenta.

¡Adiante, carifians, e non descansedes nas
vosas nobres loitas cibdadans!

Na simpática e traballadora vila marifán de
Cariño val frolecendo a semente da cidadanía
e do galeguismo. E outra vila que desperta
sintindo a liberdade.

Xa non é unha de tantas vilas mortas, cegas
e inconscientes coma moitas da nosa Terra.

Alí fíxose, conforme saben os leitores, unha
Xunta de Defensa contra o caciquismo d'Orti-
gueira. Pois ben; naquela Xunta había algú
señores que non íñan de boa fe, ó que parece.
Estes señores, logo de tronaren contra do ca-
ciquismo, pertendían aparecer independentes
para millor servir a Gullón, o cunreiro astor-
gán, é ós seus acólitos de Santa Marta.

Mas descubriusellos o xogo, e os carifeses,
cheos de dindá, n'un xeito de carraxe, peita-
ron c'os treldores e souberon arrincarilles as
caretas.

Cariño quere ser libre; quere desbotar de
sí a vergoña do cunelrismo e redimírese dos
caciques ortigueireses, e nós sempre estaremos
dispostos a axudarilles de corazón en tan pa-
triótica e nobre empresa.

¡Adiante, carifeses! Hasta por egoísmo se-
guide loitando contr'as pragas noxentas da
nosa Terra. Canto mais loitedes, canto mais
lles regafiels os dentes ós políticos de rueiro,
mas interés poñerán en servirvos. Os políticos
da vella e podre política, semente son bós
para os que se rebelan.

DENDE TERRAS AMERICANAS

DISCUTAMOS

Non debemos os galegos d'América des-
preocuparnos das graves custións que n-iste
momento axitan a España diante do patriotis-
mo de baratillo invocando por quenes sosteñen
que fora da patria non debe habere mais que
españoles. O patriotismo cego, o patriotismo
irrefresivo dexenera en patrioteirismo e o pa-
triotismo fíxonos perdere as colonias ame-
ricanas, farános perdere a Cataluña, illaranos
do mundo e rematará por reducir a España
até metela dentro de Covadonga. N-iste mo-
mento histórico no que se está forxando unha
Iberia grande, nai de 16 rexións groriosas,
debemos todos, dentro e fora de España, dis-
cutir coá pruma, a verba e até a labazadas a
organización política e administrativa da Pe-
ninsua. Como o choio intresa a todol-os espa-
ñoles xusto e mol xusto e que todos teñamos
o dereito de discutil-o xeito d'amafial-a nosa
"casa, nazonal e as nosas "habitazóns, rexio-
naes. Renunciare a iste derelto sería donarilles
razón ós polticastro de Madrid que nos cha-
man españoles de terceira clás porque preferi-
mos saire da Peninsua pra América denantes
que soportarilles as suas herexias gubernamen-
taes. Hai algo qu'está ó márxen da Patria: o
patrioteirismo. Hai algo qu'está o márxen do
subrime: o ridículo. Hai pois que fuxire d'ises

dous extremos discutindo e razoando como o fan os nosos aldeans quenés, nas súas conversas, pofien unha boa dosis de senso prático. Calar, no nome dun patriotismo de mantón de Manilla sería suicidarse e o suicidio non resolvería a cuestión.

Isas manifestazóns de patriotismo agudo qu'agora víñeron producíndose na España e n-América son iguais a aquelas que nos levaron a Cuba, a onde fomos o compás da "Marcha de Cádiz", e de onde tornamos cantando o "Coro de los Repatriados". España perdeu as súas derradeiras colonias entre dous cantos. Un cheiraba a pólvora. Outro a iodoformo.

II

Non debe abralarnos a gorrlosa resurrección das nacionalidades ibéricas. Escúlquese, estúdense, ousévese a España de denantes e a España d'agora, vítima d'ise máldito centralismo, e dígase si é posible a perpetuación d'iste asballamento na nosa patria, hoxe qu'o principio salvador das nacionalidades é a frol mais bela saída do horto da guerra. Nin Cataluña é separatista, nin Gallza é separatista, nin as Vascongadas son separatistas, nin ningún dentro e fora de España cree seriamente no separatismo. Ista verba é o "moucho", con que todol-os rexionalistas abralan ós centralistas e estes pol-a sua parte, invocan a berro ferido a sagra xuntanza española despois de tere rematado con España.

Pídeu o conde de Aranda a autonomía das colonias d'América, pídeu Pi Margall a autonomía de Cuba, Porto Rico e Filipinas e pedimos nós agora a autonomía integral das rexións da Península. Pois ben, a ineptitude de Fernando VII perdéu as colonias, a intransixenza de Cánovas del Castillo perdéu a Cuba, Porto Rico e Filipinas e a torpeza criminal dos políticos autuaes val a desintegrare a España, levando ós rexionalistas mais alá do que quixeran ire. Non está en tela de xuízo a disolución nacional, mais disgrazadamente pode estalo si os gobernos da Restauración non se quitan do meo. A panacea que ten de salvar a Península non está en Madrid sinón nas rexións e a elas lles toca d'aplicaren o remedio sin escoltaren a sorata aburridora da unidade española, que tocan aqueles que ollan o problema rexionalista pol-o lado esquerdo. A hexemonía de Castela sobor do resto de España é turca, esencialmente turca. Os grandes erros históricos estáanse arrexando por obra e graña de Wilson. A hora da liquidación, acaróase. No antretanto, discutamos.

IDILIO PÁXARO NIEVES.

República Arxentina.

EN VILLALBA

As ideas galeguistas

As ideas galeguistas teñen en Villalba uns representantes decididos y-esforzados, e van abríndose camiño por ante a indi-

ferenza d'uns e a hostilidade d'outros, d-aqueles que ollan preto o dia en que o seu poder se derrube baixo unha actuación cidadana sincera y-eficaz.

Nós somos testigos do entusiasmo que hai n-as terras villalbesas fronte o poder caciquil, contra as vellas institucións que teñen abafado o espírito-cívico e dispoñen da vountade popular como d'un coto da propia pertencencia.

Os actos galeguistas sucédense con fondo fervor n-aquela vila e nos seus contornos. A concenza cidadán desperta alí de xeito que pode ser un exemplo pra moitos povos galegos, onde o sentimento de liberación non ten, desgraciadamente, outra expresión que a eterna queixa e o tradizional salaio.

Alí pra ter alceso o fogo do galleguismo abonda con nomeare ós irmáns Peña Novo (Antonio e Plácido), a don Pedro Orosa, espírito sempre xuvenil, D. Xosé Novo, o señor Apenelas e outros entusiastas loitadores, que merecen ben non soio do seu povo sinón tamén de Galicia, pol-o exemplo que dan e o gran civismo que amostan na sua campaña.

A NOSA TERRA dalles un forte ¡Adiante! ós valentes lexionarios da causa galega.

ADEVERTENZA

Unha causa allea a nosa vountade, como foi a recente folga xeneral, obrigóu a que ficase sin saire o derradeiro número de "A Nosa Terra".

Pra remediare no posible aquela falla, orixinada pol-o imprevisto, donamos hoxe os nosos lectores os números 85 e 86 refundidos n-un soio, coidando qu'eisí satisfaremos a sua lexílima eisixenza.

¡SOILO!

A Nucha Moreno

Como en anos pasados; voltou a Pirmadeira, d'arumes toda chela, rilente e bulleira, con froles n-as ramaxes, con páxaros tremantes e tintos os pelsaxes por melgos dibuxantes.

Unha vella anduriña voltou ó meu tellado a faguer o seu iño donde o ano pasado: cublza teño d'ela e d'o seu compañeiro, qu'os aluma unha estrela qu'eu non hacho tristeiro.

Voltarán Pirmadeiras, voltarán anduriñas e non terei o niño d'as probes ansias miñas. Non terei compañeira que m'axude a levar a vida magosdeira de cantar e chorar.

A. SANTOS VILA.

Pirmadeira de 1919.

AS XENTES DE ORDEN

Pra Quintanilla, con ademiración i-estrano agarlmo...

Velaí unha frase feita qu'endexamais se empregou tanto como agora, nos tempos que corremos. A cotío anda nos beizos da maioría dos que compoñen a masa amorfa, sin xeito, valeira e anodina, chamada crase mela. Tén tal frase, pra todol-os que arelamos unha vida nova, mais doada e mais xusta que a actual, un senso francamente rechazable. N-ela hai recendo d'intreses creados e d'insanos egoísmos, l-a través da sua contextura óllase, sin esforzo algún, toda a cobardía conque espíritos cativos, medofientos e baixos, temen a perda de prerrogativas e privilexios que se aflican sobor do asballamento e o malestar dos mais. O mantimento, por riba de todo, do actual *statu quo* en todol-os ordes da vida é o leit motiv da noxenta frase. Sacrificio, abnegación, altruismo son verbas valeiras nos espíritos onde a manida frase cristalizou como expresión suprema e definitiva d'un estado de concenza consagrador de toda crás d'aseballamentos i-esclavitudes. Priós que tal frase empregan como enunciado d'algo únicamente digno de consideración enfrente d'aquello que debe satisfudamente combatirse, os berros dos que teñen fame e sede de xustiza son simplemente vanos algetreos ceibados por vicio, e froito esclusivo de perxudiciaes contemprazóns. A toleranza, a compasión, os sentimentos humanitarios, en mal hora consentidos, son as causas iniciais d'aqueles escesos e d'aquelas perturbazóns que tantas veces, d'algún tempo a ista parte, deron en afeitar a pacífica dixestión dos ben avidos con calquer estado de cousas que non supoñan nin o mais cativoiro treque ou a mais pequena molestia. ¡As xentes de orden! Sempre existiron e sempre foron do mesmo xeito. A sua representazón mais xenuína, ó botar unha ollada retrospectiva, atopámola n-aqueles fariseos de que falan os libros sagros do cristianismo. As autuaes xentes de orden son a viva reencarnazón do espírito farisaico a través dos séculos. Por elas o xérmen máldito dos que piden xustiza mais non pol-a sua casa sigue froitificando e as grandes transformacións sociais e políticas que, a despeito de todo, siguen a sua marcha progresiva, non van tan de presa como deberan. A prudenza, o bon senso e o orden de certas xentes son os oustáculos que, sinón impliden, pol-o menos dificultan o camiñar rápido e seguldo, retrasando eisí o adevenimento de formas e de normas xustas, humanas, lexítimas.

Que nada se mova, que nada se troque, que todo siga igual, tal é a aspirazón suprema dos do orden. E pouco importa que imperiosas necesidades ou berros da mais elemental xustiza reclamen renovazóns ou mudanzas. Todo o que sexa cambio supón incertidume, pol-o menos nos momentos pírmeiros da iniciación, e isto, a incertidume pra tales xentes e cousa que nin de broma pode tolerárese. Ante a seguridade un non debe claudicar nin ceder por nada lnda que se funda o mundo. ¿Qué val a humanidade enteira ante o propio xantar esposto a mais cativa contixenza? Pírmeiro eu, despois eu e sempre eu, tal é a fórmula que sintetiza en escasas verbas toda a ideoloxía das xentes que a si mesmas se chaman de orden. O seu altruismo plásmase en poucas palabras: cesión ós outros d'aquello que a eles lles é inútil...

O orden! Calquera se decata, sin grandes esforzos mentales, do que a dita verba significa pra tales xentes; de todo o valor que nos seus beizos cobra; de toda a ruindade e balxe-

za que detraís d'ela se oculta. O orden significa, pra os que o pretenden monopolizaren, a deixazón por parte dos asoballados e dos oprímdos das suas arelas de redenzón; a manifestazón plena e completa da ausurda conformidade dos eunucos; a perpetuazón do berro de *¡vivan las caenas!* celbado pol-os que sofren e son vítimas de todas as inxustizas; o mantemento de todas as tiranías e de todas as opresións: políticas, sociais, individuais. O orden!... Sere rebelde, xusticiero, defensor dos debles, portavoz de lexítimas arelas é sere enemigo do orden e, pol-o mesmo, merecedor d'aquel dictado con que as suas prudentes e honorabres xentes pertenden despreciar ós inadapitados, ós que de cote non vacilan endexamais en espórse as continxenzas do incerto e dubidoso, sempre que trats d'elas ollen as posibilidades de algo que mellore o actual, o constituído, sin pensare en qu'as melloras poidan traguere a merma de beneficos e privilexios. E sendo eísi os enemigos do orden ¿qué espírito noble, erguelto e san deixará de honrárese con tal calificativo? Non sere merecente d'el é cubrírese có fatelo de ignominia...

C. BERMÚDEZ PEÑA.

Riveiras do Masma-Marzal.

REXURDIMENTO DO TEATRO GALEGO

A gran festa da próxima Pascua

O xenial poeta da Raza, Ramón Cabanillas, vai ter axiña o homenaxe de que é merecente. O estreno da sua primeira obra teatral "A man de Santiña," constituirá un acontecemento de soa. Camilo Diaz, noso irmán honorario xa ven pintando duas fermosas decoraciós. O apraudido mestre Brage compuxo un "recital," enxebre, delicadismo, para acompañar a lectura do prólogo da farsada do poeta. Tamén instrumentou para orquesta a sua rapsodia d'ares galegos "Follas novas," que s'executará n'un entreacto. Ademais d'estes alicientes inda hai outro: que fará a sua presentación ó público naquela obra o notabre actor coruñés Fernando Osorio, primeiro premio do Conservatorio de Lisboa e director do "Conservatorio Nazonal de Arte Galego."

Ramón Cabanillas ten prometido asistir ó estreno de "A man de Santiña." Tamén é probabre que veñan á Cruña con tal motivo, entre outros artistas galegos, Rey Soto, Fernández Mato, Victoriano Taibo, Gonzalo López Abente e Castelao. O estreno, pois, da farsada de Cabanillas com'a tournée que logo se fará pol-as principás vilas da Terra para dala a conecer n'elas, ha de ser un éisito trunfal que tan merecido ten o autor de "Vento mareiro."

Pol-a sua parte, Francisco Porto Rey, o autor da gabada novela "Fermosinda,"—que no "Sol," de Madri acaba de conquerir loubas—remitiu o Conservatorio Nazonal de Arte Galego unha comedia n'un acto

nomeada "A tola de Sobrán," que é moi orixinal e está escrita co'a mestria propia d'aquel notabre xornalista e poeta.

Porto Rey, como Cabanillas—entrambos da comarca pontevedresa—sinten o arte e o momento galeguista e queren honrar, erguer, dinificar o noso idioma, empregándoo no trato d'asuntos delicados. O mesmo fai o xenial Vicente Risco nas suas poesías novísimas, e o mesmo fixo López Abente na sua novela "O Diputado por Veiramar."

Deus llo pague a todos. Eisi nos consolan das porcadas que levan ó galego outros escritores que s'empañan, por falta de xenio, d'inspiración e cultura, en seguiren considerando á nosa lingua de xeito dialectal.

Tamén o cadro de declamación do apraudido coro "Cántigas da Terra," puxo na escea a comedia "Enredos," de Leandro Carré Alvarellos, que conquiriu o premio d'obras teatrás no certame de "A Nosa Terra."

CANTARES

Pra "A NOSA TERRA"

¡Lúcide coches brillantes,
os rícos d'a nova era,
mentras qu'o probe labrego
morre de fame n'a serral!

¡Correde ben e volade
relocind'as vosas galas
e derrochand'os tesouros
en banquetes e trouladas!

¡Dalbos presa, non paredes,
nin miredes car'atrás,
que se mirades veredes
a nube que vai detrás!

¡E fallarán'vol-as forzas
e sintiredes tremar
o voso corpo, y-as pernas
negaránse'vos a andar!

¡Apurál'vos n'os praceres,
non perdades unha hora,
qu'asoma xa n'as fronteiras
a roda niveladora!

F. SALGADO Y LÓPEZ QUIROGA.

No moiño

Conto de Eça de Queiroz

(Conclusión)

Ela corou outra vez do fervor da sua voz, e recuou como si el fose ja arrebatada para o moiño. Mas Adrián agora, aceso por aquela idela, pintáballe coá sua palabra colorida toda

unha vida romanesca, d'unha felicidade idilica, naquel recuncho de verdura...

E de súpeto, sea que ela resistise, tomouna nos brazos, e bicouna sobor dos belzos, con un só bico profundo e interminábel... Ela ergueuse, colleu o guardasolifio e ficou diante del, murmulando:

—E mal feito... é mal feito...

El mesmo estaba tan perturbado que a deixou seguir para o camiño: e de alí a un momento, seguían amos calados para a villa. Foi solo na pousada cando él pensou:

—Fun un tolo!

A noite foi á casa dela: encontrouna có pequerrecho no colo, lavándolle en auga de malvas as feridas que tiña na perna. E estonces pareceulle odioso distraer a aquela muller dos seus doentes. Sería absurdo ficar alí, naquele canto odioso da provincia, desmoralizando, en frío, unha boa nai... A venda da facenda estaba concruída. Por iso, no día seguinte, apareceu á tarde, para decirlle adeus: partía á noitíña na diligencia... Ouvin que él partía sin mudárselle a cór, sin tremar o peito. Mas Adrián hachoulle a palma da man tan fría como un mármore: e cando él saíu María da Piedade ficou voltada para a fenestra, escondendo a faciana dos pequenos, ollando abstractamente para o paisaje que se escurcía, coás bágoas, catro a catro, caéndolle na costura...

Amavao... O amor latexante que a invadira, apoderouse dela unha noite que lle apareceu esta idela, esta visión—*se el fose meu marido!* Toda ela estremeceuse, apertou desesperadamente os brazos contra o peito, como confundíndose coá sua imagen evocada, prendéndose a ela, refugíándose na sua forza... Despois él deulle aquel bico no moiño.

E partíral!

Estonces comezou para María da Piedade unha existencia de abandonada. Os seus deberes, agora que non puña neles toda a sua alma, eranlle pesados como fardos injustos. A sua vida representábaselle como disgraça excepcional e tiña d'isas súbitas fatigas de todo o seu, en que caía sobor da cadeira, cós brazos pendentes, murmulando:

—¿Cando se acabará isto?

Refugíabase estonces naquel amor como unha compensazón deliciosa. Adrián tornárase, na sua imaginazón, como un ser de proporzóns extraordinarias, todo o que é forte, e que é belo, e que dona razón á vida. Lén todol-os seus libros, sobretudo aquela *Madalena* que tamén amara e morrera dun abandono. Estas leituras calmábana, dábanlle como unha vaga satisfazón ao desejo. Chorando as dóres das heroínas de romance, parecía sentir alivio ás mas.

Pasenifio, esta necesidade de encher a imaginazón d'ises lances de amor, de dramas infelices apoderouse dela. Foi durante meses un devorar constante de romances. Ibase d'iste xeito criando no seu espírito un mundo artificial e idealizado. A realidade tornábaselle odiosa, sobor todo baixo aquel aspecto da sua casa, onde atopaba sempre agarrado ás salas un ser doente. Tornouse impaciente e áspera. Comezou a ler versos. Pasaba horas sola, nun mutismo, á fenestra, tendo baixo o seu ollar de virgen loura toda a rebellón d'unha apaixonada. Creía nos amantes que escalan os balcóns, antre o canto dos rouxínois: e quería sere amada d'iste xeito, poseída nun misterlo de noite romántica...

O seu amor desprendeuse pasenífiamente da imagen de Adrián e alongouse, estendeuse a un ser vago que era feito de todo o que a encantara nos héroes de novela; era un ente meio príncipe e meio facineroso, que tiña sobor todo a forza. Porque era isto o que a

admiraba, o que quería; porque arelaba nas noites caldas en que non podía dormir dous brazos fortes como avela, que a apertasen nun abrazo mortal, dous beizos de fogo que, nun bico, lle chupasen a yalma. Hachábase feita unha histórica.

As veces, ao pe do leito do marido, ollando diante de si aquel corpo de físico, n-unha inmovibilidade de entrevado, víñalle un odio torpe, un desejo de lle apural-a morte...

...A noite abafaba; abría a fenestra; mas o cálido ar, o brazo moño de terra quente do sol, enchíana dun desejo intenso, d'unha arela voluptuosa, cortada de crises de choros...

A santa tornábase Vénus.

E o romantismo mórbido tñña penetrado tanto naquel ser, e desmoralizáran tan fondamente, que chegou o momento en que abondaría conque un home lle tócase, para ela caerlle nos brazos: e foi o que sucedeu ó fin co primeiro que a namorou, d'alí a dous anos. Era o praticante da botica.

Por causa d'él escandalizou toda a vila. E agora deixa a casa nun desorden: os fillos sucios, en farrapos, sen comer até altas horas, o marido a gemer abandonado na súa alcoba, toda a trapeira dos emplastos por riba das cadeiras, todo nun desamparo torpe; para andar detrás do home, un mangallón odioso e noxento. Ven de noite as entrevistas de chinelas de orelo: cheira a suor: e pídelle diñeiro emprestado para sustentar unha Joana, criatura obesa, a quen chaman na vila a bola de unto.

O galeguismo en Portugal

Na simpática sociedade «Juventud de Galicia», de Lisboa, hai un núcleo de mozos enxebres, que sinten o momento rexional como teñen de sintilo cantos leven un corazón no peito e algo mais que fariña nos miolos. Ise núcleo de mozos, facendo causa común c'os galeguistas da metrópoli e c'os emigrados nas Américas, dando mostras de talento e de bon senso, querén que aquela sociedade peite no adiante con fervente entusiasmo pol-a santa causa da autonomía da Terra nai, creando un orgaismo que responda a taes fins.

Moito poden axudaren a redenzón de Galicia os galegos de Portugal. No Porto, xa contamos c'un feixe de bos irmáns que pensan coma nos.

Agora se a colonia de Lisboa decídese a arrimal-o hombro á Grande Obra, a nosa satisfacción será imensa, porque así chegaremos mai axixa ó cume onde abranguerá Galicia a arelada libértá, ben de todos e para todos.

Namentras a Patria non sea libre, económica e politicamente, escravos han sere os galegos, porque a libértade individual samente xurde cando a libértade colectiva áchase imposta.

Entusiastas patriotas da «Juventud de Galicia», de Lisboa, ¡adiante!

Consellos eleitoraes

(PORPAGADE ISTAS LIÑAS)

Eleitor: O teu voto é a medida da tua cultura e da tua moralidade.

Si és da raza dos oprimidos e asovallados ¿porqué has votar os repersentantes dos teus opresores e asovalladores? Disgraciado do cordeiro que elixe como seu repersentante o lobo.

¿E tan fonda a tua inoranza que aínda non tes conciencia da tua opresión? Déronche o dereito do sufraxio, e, en troques d'axeitalo á tua emancipación, entregásillo os teus ams. Na antiguedade terías de ser d'aqueles escravos que repudlaban o dereito de seren libres.

Mas inda é peor que señas venal: que señas o Xudas da tua mesma libértade: que vendas a tua soberanía por trinta diñeiros.

Non atopamos unha palabra dura d'abondo para os pais que venden os seus fillos. E como poderíamos hachála para os que feirean co'a súa condición de soberanos? Porque n'un réxime de sufraxio universal, com'o d'Hispania, cada eleitor forma parte integrante da soberanía nacional.

Cativo era o oficio dos negreiros, dos traficantes d'escravos. Pero ¿qué temos de dicir dos que trafican consigo mesmos. Rameira e outros nomes aldraxantes apricámoslle á muller que s'oferce en mercancia pública. E non vende senon o seu corpo. ¿Qué haberá que dicir d'un home que feirea c'o mais íntimo do seu ser, que chalanea a baixo prezo co'a súa libértade, co'a dos seus concidadás e co'a dos seus descendentes? ¿Qué diciremos do que vende por un favor ou por unhas pesetas o que ten de mais grande e sagro o home: súa personalidade histórica?

Eleitor: vota sempre que haxa elección, pól-o candidato galeguista: ten iste valor; compre iste deber. Non te fagas cómplice da podredume dos partidos gubernamentals hespañoles. D'outro xeito, escóitao e decátate ben, teremos por sospeitosa ou a tua intelixencia ou a tua moralidade.

DO ÍNTIMO

Novamente collo a pruma, longo tempo pendurada. ¡Miña pruma! ¡Eterna confidentel Moitas veces trazache a imaxe do meu pensamento sobr'un anaco de papel que logo rachéi e botei ó ar. D'aquelo que escribiche ninguén sabe; só ¡tie mais eu!

A Hispania de pandeireta quixo dar fé de vida.

E n'un corto anaco de tempo, fixo a

disposición fedente das suas apodrecidas chagas.

¿Non vos lembrades?

Mari-focela, Belmonte, Granada, Sofán.

Carne de burdel diante da que se inclinan tódol-os bandidos sin faca; tódol-os ladróns de frac e camisa pranchada.

A personificazón da barbarie e a dextenerazón d'un pobo quitándolle importancia á Paz do mundo.

E o promo, segando vidas; non as dos labercos, salteadores da política, sinon as da xente moza, as d'indefensas mulleres.

O nazonalista escribe. E ós seus ouvidos chegan os ecos d'unha conversa.

—¡Españoles antes que gallegos!

O nazonalista ceiba unha gargallada

As suas mans teñen un xesto d'ira; seus beizos unha maldizón e un aldraxe.

¡Sepulcros branqueados!

UN IRMÁN

TEDES OLLOS...

Non me sorprende que os vellos que lembran toda a segunda metade do século pasado, aínda que presenciaron as loitas sanguíentas tidas antre o absolutismo e aqueles patriotas liberaes que por todol-os meios querían rematare o réxime de terror, absurdo e noxento, que imperaba na España, non sexan capaces de comprender o ideal nazonalista c'as grandes, as inmensas ventaxas que pra nós ten o que se implanten por comprobante a suas teorías. A os pobres non lles pode caber dentro da testa o que os pobos sufían unha comprobante transformazón, tendo que deixar pra eso a unha beira o pesado bagaxe d'aquela política anticuada e caduca que non fixo mais que arrebatat o pobo os seus privilexios e libértades, e, de catástrofe en catástrofe, traguerlle a comprobante decadencia por que átravesa. ¡O fin foron educados n-ese ambiente e xa non hai que faguerille!

O que me ademira e produce unha fonda pena é ver a inconsciencia de unha gran parte da nosa xuventude. Esa falla de ideal e de amor a nosa terra que os reduce, a simples figuras decorativas e a non pensar mais que en frivolidades que os igualan na súa maneira de sere ás mulleres coquetas e veleidosas.

¿Non ollades como a muller, a quen estades molestado de cote con froles e parvadas, estase preparando, capacitándose pra tomar parte activa en todol-os problemas sociaes é políticos, escomenzando xa a despreciarvos como a seres inferiores e

incapaces de pensar nin discurrir nada de proveito.

Abride os ollos da vosa concenza, dádebos conta do papel que debedes desempeñar na sociedade e dos deberes que todos temos, como cidadáns, de intervir directamente na política do noso pobo, pra reformala si é preciso, y-esixirlle ós que se hachen ó frente d'ela que nos gobernen ben e con xustiza; e cando despertedes d'ese letargo en que estades sumidos a bon seguro que a reacción en vos será cousa inmediata, traballando estonces todos xuntos pol-o engrandecimento de Galicia, e contribuíndo, d'iste xeito, á formación da gran Iberia.

J. SARMIENTO TABARES.

PALABRAS XUSTAS

A música galega

As catro provincias da rexión tan diferentes na sua unidade, son'o tamén na música. Temas musicás galegos lograron cruzál-os portos; hastra Francia levounos o mestre Baldomir, noso ilustre Montes, o chorado Veiga e algúns máis cujos nomes están nos beizos de todos, teñen revelado o partido que se pode sacare da ledicia e da melanconía popular, mais outros motivos recollidos por eruditos filarmónicos permanecen na soma ñorados; e o día en que se coneza, verbigracia, a divina Cantiga do Ulla, será perciso proclamar que a sensibilidade que revela esta música da nosa rexión é para poñela por riba das outras da Península.

Que se nos premita ter un sono: o de que conecida xa totalmente nosa música popular, salvádol-os seus temas e paráfrasis do esquecemento, espallada e unxida pol-o óleo da universal admiración, naza un día o xenial artista celta capaz d'abarcala e asimilala e eistraere sua quintaesencia e recibir d'ela o chispazo d'emoción que se traduce en inspiración vitoriosa, produtora da obra capital, sinxela e subrime ó mesmo tempo. Non debe contentárese con menos que este porvire Galicia, xa que o elemento musical trunfá n'ela, xa que é musical o seu paisaxe e musical sua impresión de conxunto. A evolución do sentimento popular ó arte supremo, é tan natural com'a do bloque de mármore á sua estatua. E pois témol-a primeira materia, espèremos ó artista inda que non chegue nunca, con febre d'entusiasmo adiantado. Esperar é unha forza, obtene non é mais que unha sorte. O deseio xenera o porvire...

EMILIA PARDO BAZÁN.

CONTO D'OUTONO

PRIMEIRO AMORE

Entr'o verdor do parque ondula o branco sendeiro coma unha interrogación. As follas murchas pardean eiquí e alí sobre o cespede mol. A neblúa d'ollos grandes, de boca de carabel e de frente serea apañada froles para un ramo. O seu corazón de dezaolto abris é alleo ás melanconías otoñais. Pol o sendeiro ondulante ven o bohemio, pensativo e triste, paseñamente. O espello cristalino do estanque refrexa no fondo das suas augas mortas un anaco de ceo azul pol o que rolan brancos vellóns de nubes.

—¿Qué fás Carmen?—dí o bohemio, chegan'ose perto da nena.—¡Esnaquizando froles! Es cruel coma o outono...

—¡Cruell Chámame cruel, cando traballo para tí.

—¡Para min!

—¡Quero regalarche un ramo felto pol-as miñas máns, por istas manciñas brancas e pequerrechas que tí tanto gabas.

—Mol ben. O agasallo de despedida.

—¡E lozol! Xa te vas por fin?..

—Voume, Carmiña...

—¡Tan axiña, meu Dios! E que me non queres. Engañáchesme. ¡A cantas mulleres terás enganado!

—A ningunha, Carmen, a ningunha. Por eso desearía o non enganarte a tí.

—¡E os nosos sonos d'amore?

—Foron sonos, puros sonos. Esquecimos a realidade, e hoxe a realidade pon diante nós un abismo profundo.

—Non te entendo.

—Selmo ben. Cando m'entendas, pensarás que a miña marcha é razonable. ¿Queres ouvirme?

—Oireite... Fala axiña; teño presa d'escoltar-te; róeme a impaciencia... Pero senté nonos.

—Si, mol xuntos, mol xuntíños coma cando soñábamos.

—¡Porqué te vas?

—Porque te quero.

—¡Porque me queres! Agora enté idote menos.

—Si, Carmen. Porque te quero. Se non te quixera, me non lría alnda. Se non te quixera, serí feli como denantes de conecé'ete.

—Entón o meu amore e a tua disgracia. ¡Cando te amo tantol! ¡Cando meu primeiro carlino froleceu para tí! ¡Que ingrato; que ruin es!

—¡Pobre nena, tremas e saloucas! Eu non tremo nin salouco; porque non teño alma.

—Es insensibre; eres malo.

Ozallá o fose. Cheguel a este pazo con alma, e n'este pazo a delxo. E tua. Voume porque teño d'irme; voume, porque s'eu me non fose, tí botaríame.

—¿Que estás dicindo? Bútraste de min. Fala...

—Nin eu me bulro de tí nin tí de min. E a vida quen se bulra dos dous.

—E sorríste ó dicirme.

Porque hal sorrísas que amargan mais que as bágoas. Quién sorrí sempre, porque xa non pode chorar nunca, é un desventurado. Escolta, Carmen. Eu cheguel eiquí doente e triste, abafado pol-as duras loitas da cidade. A miña educación e a miña cultura abríronme as portas d'este pazo. Nin tí nin tua nal tíñades en que distraere os longos léceres do vrán. Míchedesme nas vosas tertullas e nos vosos pa-

seos, sin presentación de ningún xeito, porque n'alde os costumes villegos son inútis.

—¿Onde vas parare?

—Decatáste mol axiña. Os azares da miña vida xiróvaga interesáronte porque soaba a cousa nova; porque tragulín ó teu ouvido armunlas desconecidas; porque non lembraba xamais o xeito reutilíteo d'eses mocifios valeiros sin outro valor que o que lles empresta a tixeira do xastre, que te agasallan na cidade. O trato cotián espertou o amore nos nosos espíritos. Pero tí es bonita, rica, herdela de nobres blasóns, e eu non son mais que un pobre bohemio, sin posición social...

—Bob, e iso que importa.

—Pergútallo a tua nal. E' a cho dicirá.

—Pero se eu te quero.

—Deixarás de quererme. O esquecemento manselíño é o santo amigo dos que sofren magoaduras da y-alma. Eu non sou mais nada que unha sombra movediza, avalant'e inqueda, que acochou querendosíña e doce o teu primelro sono d'amore...

—E o derradeiro, e o último.

—O derradeiro e o último, quizais. A vida social é un amplo tecido de mentiras convencionás onde o corazón non é nada; onde as nenás, ricas e fermosas, com'a tí, adoitan unirese a homes que sollo sibeu viviren para eles.

—Asústame ouvírte. Fasmé chorar...

—Pranto bento e meigo que é para a frofía do meu sentimento felto fervenza de dor, com'o orvallo para a rosa murchada pol-o sol. Eu quixera ficer o milagre de trocalo n'un adrezo de brilantes. ¡Qué millor lembranza podería levar de tí! Pero, mira... Namentres tí choras, eu sorrio... ¡Adíó!

—Séntate, ten acougo, un pouquelchíño mais. Non te valas, amoríño primelro da miña vida, da miña vidíña leda coma unha carcaxida hastra que te conecín.

—Voume Carmen. Bin díxo o poeta italián que o amore é a maior de tódal-as tristuras da Terra. Voume Carmiña, denantes que me boten. Levo o recordo dos teus bicos; levo a sensación das tuas máns boas, brancas com'os lirios, soaves e mainas com'as ratolas da lua, que tantas veces acariciaron a miña cabeza; cal se fosen pombas sin fel. Voume despois de tere sabido o que é un bico apixado da tua biquilí casta e unha carlita pura, a buscar de novo as carlitas e os bicos mercenarlos; esas carlitas e eses bicos únicos ós que poden aspirare os pobres bohemios que amando coma ninguéa, están condanados a non atopar en ningures nunca un corazón de muller honrada onde pousal-a sua pena para adormecela. Voume a enganar as miñas tristuras e soavizare as miñas acedumes n'outros brazos. ¿Non me teño d'íre? Iada me non comprendes de todo, e xa dubidas. ¡Adíós! Son unha follá mais que rola pol-os camiños, levada pol-a brís outonal. ¡Alégrate, Carmiña! Ni primavera que ven hiberá follas novas e novos trinos n'estas alvres que non agasallaron co'as suas sombras tantas tardes...

Carmen, pensativa, debulla as froles do ramo c'os seus dedíños de nena. Na sua frente serea, siñílase a primeira engurra. O bohemio alónxase pol-o branco sendeiro que ondula entr'os verdescentes céspedes do parque coma unha interrogación, levando nos beizos esa doce sorrísa aristocrática que sollo

sen capaces de ter os que se fíron xa d'abondo o desencanto sereo de todas as cousas. O sol da tarde que esmorece para o serán, sol mullento, pálido, d'outono, delta na branca a estrada que idealiza a lonxanía, seus trenelucentes reflexos d'ámbar. O fume azul das casillas campestres, coase escondidas entro do verdor do pilsaxe, rube pausenifamente o ceo bretemoso, coma ofrenda de patriarcal turliarario. Nimbri o canle do río unha néboa fina e miuda. Na paz do serán nacente os outos montes parecen ter alma. E unhas poucas xogan namoradas á sombra dos sarmientos tortos cobertos de murchas follas que agatiman a porta d'homilde casa labrega, silenciosa e branca, onde a vida con pan e amore debe ser un ben de D'os.

A. VILLAR PONTE.

Unha carta interesante

O conselleiro 1.º da "Irmandade da Fala", da Cruña esquirbiulle unha carta, fai moi poucas datas, ó distinto autor de *Castilla en escombros*, na que lle facía certas ouservazóns referentes ó espusto polo nomeado notario de Fómista no seu recente libro *La ciudad castellana* acerca da custión arancelaria e outras.

Por considerala interesante donamos a continuación as liñas con que, atentamente, respondeu o Sr. Senador ás ouservazóns que se lle fixeron.

Di eisí a epístola:

"Querido amigo: La carta de V. me proporciona una vivísima satisfacción y le quedo extraordinariamente agradecido por la benevolencia del juicio con que se ha dignado favorecer mis humildes trabajos.

Entre V. y yo no existe ningún punto de disenso. Lo que hay es que, sin duda, no he acertado yo a explicarme bien, puesto que le he inducido a error al interpretar mi pensamiento sobre el arancel.

Opino como V., que el arancel del trigo y del maíz es la ruina de Galicia, y como yo antes que castellano soy español no puedo aplaudir que ese arancel se sostenga para provecho de los trigueros castellanos.

En defensa de Galicia les he combatido a sangre y fuego. Puede verlo en la página 240 y siguientes de mi libro *La Canción del Duero*.

En cuanto al Código Civil no se trata de reformarlo sino de suprimirlo por que es el complemento de una forma social de propiedad que tiene que desaparecer. El que le sustituya no tendrá por objeto ordenar relaciones de derecho, sino suprimir los obstáculos tradicionales que impiden la realización de la justicia.

Gracias mil por el refuerzo espiritual que en todo lo demás me ofrece con su ilustrada opinión, y al expresarle mi complacencia de encontrar en V. un propagandista de aspiraciones que son mis también le ruego cuente siempre con la incondicional adhesión y amistad de su siempre amigo, y s. s.

JULIO SENADOR GÓMEZ.

Verbas d'un castelán

De Xulio Senador Gómez

Por leises de 20 de Agosto e 16 de Setembro do 73 concedáuse ós foreiros o dereito de libre redenzón, mais ante a alarma e a presión dos rentistas, que ollaban como trais d'iso víñi a perda da súa influencia; amas leises fíron abolidas por outra do 20 de Febreiro de 1876.

O Código civil, tamén temeroso da chamusquina, soslói o obstáculo encomendando a súa resolución a unha lei especial.

Era como a débil promesa d'unha futura liberación, mais nen ninguén se afoutou a realízala nen ninguén ten de afoutárese sin un previo troque de circunstancias porque entre tanto prohibeo a *renda* qu'é quen trunfou n'isto pleito como trunfa en todol-os demais.

Sin outro motivo que o de non térese donado isa lei resulta agora que o caciquismo galego é o mais soez, o mais denigrante, o mais asoballador e o mais envelecedor entre todol-os caciquismos de España non estando neutralizado siquera por certa parte de propiedade libre como en Castela ou Cataluña.

Endexámais debamos esquecer que as formas políticas d'un país corresponden plena e exactamente as formas de produción; e que, na súa consecuenza, suposta unha forma determinada de produción existiría en todol-os casos outra determinada forma de goberno, consubstancial con ela, qu'é inútil tratar de trocare entrambras non se troque a primeira qu'é o seu fundamento.

As formas de produción trocaranse por un sinxelo arreglo no Código civil, de xeito que solo con suprimir o artigo 1.546 que trata do arrendo e o 1.604 que trata do censo teríase trocado a norma seguida actualmente pra distribución da riqueza, e todo o vixente réxime social, fundado sobre da renda, derrubárase n-un momento.

Isto é o que fíron os revolucionarios profesionales, que nada ollan mais alá dos golpes da forza, e de ahí procede que se teñan esvaído como o fume tantas insurreccións populares se intentaron en reclamación de dereitos políticos; que todas as revolucións e restauracións se teñan realizado entre nos automaticamente e sin esforzo algú posto que ningún troque esencial se tiña realizado previamente nas *formas de produción*: que todol-os nosos *conquerimientos políticos* sexan completamente alleos o pensamento e o afeuto do pobo por que, onde nasceron, resultaban de transformazóns industriais que non se teñen introducido elquí; y-en resume, qu'o caciquismo español resista incólume y-entelro todol-os combates da escravazón universal non solo sin disimulazón visíble da súa forza, sinón mais ben con incansante aumento d'ela porque allí onde a primeira produción ten que realizárese sobre de terras escravas, con obreiros escravos, e natural qu'os homes, asoballados pola renda, perdan inmediatamente a súa condición de cidadáns pra convertírense en *corpos nobles* como lles chamón o Fuero de Nájera.

Correntemente considérase o caciquismo como un fenómeno político supondo qu'o cacique e unha feitura do Goberno.

Poucos avances, emporiso, conseguirá España no camiño da liberdade; entramentes gaste a súa forza en combati-lo caciquismo por que pra curar doenzas non hai que atacar os afeutos sinón as causas; e iso que chamau

caciquismo non é un fenómeno de mal goberno, como coida a xente, sinón un fenómeno puramente económico que ten o seu orixe na forma de produción rural, ou sexa, na supresión do traballo libre pra reempresalo polo arrendo e o salario.

O caciquismo é, pois, a *mesma renda* que se personifica no individuo, a quea inviste da súa maxistratura pra que esixa dos restantes homes unha completa sumisión á legalidade actual e unha obediencia cega ó seus mandatos baixo pena de morte por fame.

O cacique non recibe ningunha influencia do Ministerio de Gobernación. Recibe da renda e repersenta de cote os intereses e prerrogativas dos donos das terras afada de aqueles que o son únicamente n'isa mínima proporzón que se adoita a chamare *pequena propiedade*.

Por iso os caciques máximos qu'emporiso a súa bestial ignorancia conseguiron adonarse do goberno de España pra estableceren sobre das súas ruínas a autocracia mais noxenta que ollaron os séculos, procedían de rexións onde a renda é mais forte e onde, polo tanto, a terra é mais escrava: eran galegos, paisanos do foro, ou andaluces, paisanos dos mais grandes latifundios; e, si acaso se me argue có exemplo de Gamazo, responderel facendo ouservare qu'endexámais a *gamazada* abranguería o increíble predominio de que disfrutou na política nacional a non sobrevivir a coincidencia de varios acontecementos fortuitos que, por si solos, foron equiparando cada vez mais o tipo normal da produción castelá o tipo normal da produción nas rexións anteditas.

Manifestáronse por estonces en todo o seu vigor catro andacos latexantes que coadyuaron á bancarrota definitiva de Castela e, como derivazón ineludible, a esaltación morbosa de varias aspiracións trabucadas que tiñan por punto de mira *precisamente o abandono da produción*.

Unha d'istas tendenzas nocivas consistía en solicitar con arela os destinos do Estado por fuxire do campo cada vez mais arruinado e buscare refuxio na cidadade; outra (a) practicada por dilapidadores e tramposos en porcarrarse, a troque de votos, calquer acomodación pra Cuba ou Filipinas onde se daban por supostas grandes probabilidades de enriquecemento; outra en fin, molto mais gravemente nociva qu'as anteriores, consistía en prevalecerse da ignorancia das masas pra intrigue solicitar sin acougo unha desenfrenada proteuzón arancelaria ó que os rentistas chamaban *intereses agrícolas da rexión* concretamente esplicados nos programas da Liga agraria de quen foi portavoz Gamazo e que en combinación cós outros intereses dos taxadores e firiñeiros catalans, tamén desofrenadamente proteuzáristas, remataron por ficer estalar a subvención das colonias que nos donón o golpe de morte. —(Do libro *La ciudad castellana*)

Novas da causa

O día 30 do derradeiro mes, nosos amigos e irmáns, Culebras, Pita (don Leandro) e Losada Diéguez, fixeron un mitin na Estrada.

O acto resultou moi froitifero. Nossos amigos deixaron ouvir ós labregos o credo nazonalista no que latexa a arelada redenzón da Galicia.

Axiña se farán outros importantes actos galeguistas en diferentes vilas da Terra.

Proyéutase tamén una gran Asambleia de tódalas forzas democráticas e anticaciquis de Galicia, que terá lugar en Santiago no mes de Xulio veñideiro, c'ou xeto de tratar das eleccións xeneraes das que sairá o novo Palramento hespañol.

A «Irmandade» d'Ourense iniciadora da Asambleia porpara un manifesto d'invitación para a mesma.

CONFERENZA DE CASTELAO

Arte e galeguismo

Na sociedade *La Oliva*, de Vigo, dou o derradeiro miércoles unha intresantisima conferencia o xenial, caricaturista e querido irmán Alfonso R. Castelao.

Como cousa d'él, folga decir que se trata d'unha disertazón na que as mais fondas ideas sóbor do Arte desenrólanse dentro d'un outo sentimento galeguista.

Damos hoxe as pirmeiras liñas da conferencia, ofercendo no próximo número a segunda parte, adicada especialmente a falar do Arte da nosa terra.

«Cumplindo un deber de outo patriotismo, ou mellor dito aínda, d'un matritismo que acoso levo sempre no pelto, vou a falar en galego.

«n'a fala doce e sentida
antre blocos deprendida
n'o colo de miña nai

que dixo o poeta da raza.

Pra que vos fale en galego abonda qu'eu sexa un d'os que traballan pra erguer a conciencia durmiente da nosa personalidade nazonal; mais eu agora non vou a falar como galeguista senon como namorado d'un Arte que sendo rexional pudera conquistar universalidade.

Un idioma non e samente un xelto d'elspresión. Se así fose habería que matar o galego, e dispois, pol-as mesmas razóns, teríamos que matar o castelán hastra que atopásemos c'o idioma que tivese o mais outo creto centífico. Non; un idioma no é somentes un xelto d'elspresión, é tamén unha fonte d'arte. ¡Qué fose poeta pra decirvos o qu' é un idioma! Eu, artista, por non ver cegada unha fonte de arte teño que defender a fala de nosos abós.

Cando coldaba qu'o mundo non iría mais alá d'os montes que vían os meus ollos de neno, eu aínda non deprendera o castelán. Por iso pra min tén o galego unha saudade mo'na que me lembra o tempo lonxano e felis

da miña crianza, o tempo felis de todol-os homes, quizaves máis felis pra min, que son aldeán. Por iso, por sere aldeán galego, defendo a fala de nosos abós.

O arte galego non e, non, faguer cousas de asunto galego. En Alemania estrenouse xa fai anos unha ópera que se chamaba «Rosa de Pontevedra», mais a ópera, non ten volta, era alemana. Sorolla pode ir o Xapón a pintar unha scea de Yoshiwara; mais o que pinte Sorolla non será ¡qué val sere! pintura xaponesa. Pra qu'haxa pintura galega—qu'aínda non a hai—e preciso pintar en galego, da mesma maneira que pra sere donos d'unha literatura galega xenios da nosa raza escribiron en galego. O arte e un, e a literatura, com'a música e a pintura galega non poden sere máis que xeltos d'elspresión d'unha mesma beleza: a da nosa terra. E sendo eu un d'os que traballan pol-o conquiritamento d'un arte galego, teño que defender a fala de nosos abós.

Podería preguntársenos: ¿Valle Inclán e artista galego? ¡Xa o vexol; mais Valle Inclán pensando, sentindo y escribiendo en galego publica samente unhas traducións literaes en castelán, y eu chamolle artista galego porque presinto, vexo, c'os ollos da l-alma, as suas obras escritas en galego. Podería preguntársenos tamén: ¿Rey Soto e un poeta galego? Non e non; poeta galego e o Ramón Cabanillas, é o Norlega Varela. Rey Soto e un poeta castelán nado en Ourense, mol bó, mol xenial se queredes; pero alleo. E como eu cobizo pra miña terra un arte seu, defendo a fala de nosos abós.

Algúns escribidores nados en Galicia, que nin son galegos nin artistas, non se fan de celbar moreas de prosa querendo fanar con razóns podres, valeiras de senso, un froito d'o sentimento. Isles turistas na sua terra, que describen ou pintan un paisaxe galego coa mesma quentura espiritual con que pintarian unha roda de moer café, son froitos merados da nosa terra a quen non val-a pena de chantarll'os dentes. A centralista Franca bateu as mans d'alegría cando veu rexurdir o xenio d'a Provenza no arte milagreiro de Mistral. En troque, non digo na España, na mesma Galicia, hai esborrhachadores de papel que non queren o rexurdimiento da fala d'o Rey Sablo; mais... ¡qué lle lmos faguerl, estes malos patriotas non poden darnos as normas do sentimento. E como son bó galego defendo a fala de nosos abós.

E costme chamar galegos a todol-os que nascen en Galicia; mais eu coido, e vos tamén, que non abonda ser nados n'unha terra pra sere fillos d'ela. Declame un dibuxante andalús de moito miolo, querendo elspreicar a morriña: «os bós galegos tendes raíces na terra; pero isas raíces son elásticas, de tanta elasticidade que vos deixan dar mil voltas o redor d'o mundo e aletando en chán alleo estades sempre vivindo n'os vosos eidos». E ollade como n'este dito diun andalús que comprende a nosa saudade, encérranse unha

chea de cousas. E certo; os bós galegos botamos raíces a beira d'o berce, mais non com'os arbres, non com'a edra qu'aprel'xas pedras d'o pazo ou d'a chouza onde nascemos. As raíces nosas son finifias como fios; o vicio d'a raza lévanos lonxe d'o lar, da terra mesma que nos dou'a forza, sen qu'en ningures, atopemos acougo pr'a nosas tristuras; e cando cansos da loita non podémos ir adiante sempre temos o camiño de volta que turra por nós c'unha forza misteriosa. E n'a volta ó lar échense os nosos desexos. Os galegos non temos a lus da esperanza diante de nós, témola detrás de nós, enriba do pazo ou da chouza onde nascemos. As miñas raíces non son fios, son chifotes que non me deixan tansiquera sair da terra de meus abós. Tan namorado d'a miña terra tiña que falarvos en galego.

Por ser enxebre non vayades a coldar quem'atraco de lacón con grelos, que teño saudades d'o pantalón de boca de cadela, ou qu'antre neto e neto d'o bo tinto saénme arretos de carraxe contr'as pobres terras d'a nosa Irmandade Castela; non; os bós galegos damos un paso atrás, pero é pra pegar un salto e non eser espaturrados n'a lameira. Os enxebres d'agora queremos unha cultura galega; e sendo eu enxebre tiña que falarvos en galego.

N'este intre tenme seu coldado a oficialidade ou non oficialidade d'o idioma galego. Pra min poden seguir escribiéndose en castelán os recibos d'as contribucións. Eu vou a falarvos de Arte e por iso a miña l-alma galega falarávos no seu idioma.

Fallo eu d'o afito que moitos teñen pra engayolar ou divertir con verbas que saen da boca coma lindas adosas de vidro, prégovos, denantes do empezo d'esta miña engadella literaria, un anaquifio de slmpatío, de bondade pra min. Pouco afelto como estou a lstes trafegos d'as lestras, onde a música triunfa moitas veces por riba d'as ideas, ben sei, con adoito, que non son quén pr'amostrarvos meus sentimentos cubertos con aquelas xoyas que fan pasmar as xentes.

O azo que teño empurráme a mostrar os meus sentimentos; illes írán encorriños, madoñentos os pobres; pero as suas guedellifias lóuras, os seus ollifios azules, o aquél de verdade, de bondade, que n'eles se vexa quizaves fagan abalar os corazóns írmans. Y-esto só encheríame d'unha fondísima ledicia.

FOLLAS NOVAS

«O Fidalgo»

Temos recibido un exemplar do drama do mesmo nome do que é autor o inspirado poeta compostelán, Xosé San Lois Romeiro.

Cando s'estrenou dita obra na Cruña dixémos o noso xuício acerca d'ela.

Hoxe replítimos o de entón: «O Fidalgo, é unha obra de teatro chea de forza dramática que conquiritrá éxito franco sempre que sexa levada á escea.

Proba do aprecio en que a teu o púbrico e o

moito que se ten vendido dende que apareceu nas vidreiras das librerías.

Outra vez a nosa embora ó poeta Xosé San Lois, dño de todas as gabanzas.

«Ideario de un labregio»

C'ó iste título acaba de se publicar un libro moi interesante e moi ben imprentado.

Don Leandro Pita Sánchez-Boado, seu autor, é home d'abondo coñecido entr'a xente de letras para que nós tratemos agora de descubri-lo. Xa publicou outras obras; pero n'ista de que falamos reférese a cultura fonda e crara d'un pensador na maturidade que sinta a Terra e os problemas do agro, que leva a Galicia no corazón, que é fidalgo pol-o aboengo e fidalgo pol-o seu nobre xeito espiritoal.

O *Ideario de un labrego* é com'a consagración d'un home que ten feito moito ben ós aldeáns da súa comarca, que é loubado xustamente por eles cal un faro luminoso dño de ser posto d'exemplo a tantos ricachós da nosa terra e a tantos sifioritos que sollo pensan nas comenencias particulares suas. Falaremos con mais vagar d'iste libro. Hoxe somente facemos unhas liñas d'acuse de recibo.

Verbas acesas

O pertencere ou non a un estado determinado e cousa de comenencia. O pertencere a determinada patria é unha imposición natural, ineludible por moito que se falga, e á que ninguén pode sustraérese.

* *

Doce ou áspera, probe ou rica, a lingua d'unha patria é o selo conque Deus marcou pra endexamais ós cidadáns da mesma. Pertendere esquecela, trocala por outra, val tanto como pertendere sustraérese ós mandatos de quen todo o pode.

* *

Empregare unha lingua allea, unha lingua diferente á nativa ven a sere como a patentización do desexo de deixare de sere nós mesmos, os fillos da patria cúa lingua abandoamos, pra trocarnos en renegados d'ela, en fillos desnaturalizados e indignos.

* *

Un home sin persoalidade é algo que, sin non é merecente do desprezo tampouco pode sere ouxeto de consideración, d'estima.

Aquel que arrenegou da súa fala sin dúbida xa leva adiantado moito no camiño da perda da propia persoalidade.

* *

Nin patria grande nin pequena patria. Tan solo unha existe, indivisible e totalmente única: a natural.

Nos grandes demenbramentos territoriaes que ocorren as veces nos Estados é cando se olla con toda a plenitude tal verdade.

* *

E tramentres que fique un pobo que se desborde por riba das súas fronteiras naturais, ocupando, por consecuencia, territorios que non lle pertencen, a paz mundial será solamente unha verba valeira e sin senso, falla por completo de afincação algunha na realidade. O pantasma d'unha loita de nacionalidades será a ameaza que, de cote, fará imposible o adevonimento da verdadeira paz.

Pol-o reconocimento das nacionalidades naturais chegarase á libre federación de pobos afíns; istas federacións tragerán as grandes xuntanzas continentales, e con elas virá mais tarde, a suprema confederación mundial das federacións de povos libres e soberans isto é, o preno e completo triunfo do internacionalismo e da paz e a xustiza universales...

R.

FROITOS DA ASAMBLEIA DE LUGO

Falan das escolas os galegos emigrantes

O *Eco do Teo*, de Buenos Aires, comentando un artigo que publicara *A Nosa Terra* layándose do triste froito que dan as escolas sostidas pol-os nosos compatriotas das Américas na Galicia—porque resultan talmente escolas fomentadoras da emigración, cando tería de ser tod'ó contrario—di o seguinte, de fondo interés para cantos, na Asamblea Nacionalista de Lugo, tratamos d'este asunto:

“Por se tratar d'un tema que relaciónase co'a educación, estando eisi ligado á nosa labor e á nosa porraganda de tod'os días, hemos anotare algunhas reflexións que aquel traballo—o de *A Nosa Terra*—suxírenos.

A acción dos emigrados na educación do povo galego en xeral, e en particular do neno galego, de culo porvir é preciso termare, se quer darlle á sociedade homes cultos e capaces d'erguere a grandeza d'ise mesmo povo, pode ser moi eficaz e de froitos axiliosos sempre que se seiba buscarlle unha orientación fixa e válese con seguridade deica ise fin. Sempre tivemos pensado que a idea de construír casas novas ás sociedades, era un grave erro e unha tarefa superior ós seus recursos. Tratándose na maioría dos casos de sociedades pequenas no número, non pode haber cartos que cheguen, xa non para instalare unha escola por homilde que seña, senon para escomenzar siquer isa obra. Inda que se nos queira citar exemplos d'ise xeito, ben poucos abofé, d'obras que abrangueron feliz termo, temos nós en Teo outros exemplos que opofiere e que son xa ora outros tantos desenganos elocuentismos, sofridos pol-os que sin maor meditación quixeron metérense en esforzos grandes, sin contar c'os recursos precisos.

Tampouco colle pensare, por moito optimismo que haxa, en poder imprantar escolas particulares en número d'abondo para suplilas do Estado. O mais que se pode facer, e ista é nosa idea dende fai algúns anos, e crear e soster pol-os emigrados unha escola en cada un Concello, que fose ampliación de coñecimentos para o neno, e que este poidera adquirir ali as nocións precisas á vida da campela, sin desbotar outros coñecimentos que lle fosen útils si desexaba adicárese a outras actividades. Poderían ademais isas escolas ser iniciadoras de homes d'oficio, dando ensinos teóricos-práti-

cos ós alunos d'esas profesións de labore de que anda tan fallo o campo galego.

Non podendo chegarmos á realización d'isa obra, non fica outro camiño que o de pórse d'acordo c'os mestres do Estado, constituíndose as sociedades d'a América e os pais de familia, en axudadores da súa labor educativa, e identificando o fogar co'a escola, de xeito que o traballo d'ista o non seña esnaquizado inconscientemente por aquél, coma socede na maioría dos casos.

Eisiste agora, para nosa fortuna, na Galicia, un núcleo numeroso de trozos educadores, cuas ideas e tendencias camifian d'acordo c'os tempos modernos. E posibre, pois, agardarmos unha trocación nova e proveitosa auspiciada por eles.

Polo mais, non maxtamos que os emigrados pais de familia, sinton desexos de que os seus fillos adeprendan o ingrato oficio d'emigrantes. O queles queren de corazón é que cando volten á súa terra, alcóntren homes educados, fortes de carácter e axitados para a vida colectiva.

NAMENTRAS LADRAN OS CÁS...

A Gramática Galega

F. M. na Voz de Galicia, facendo o papel d'eses críticos que nin fan nada e censuran canto fan os mais, pol-o que merecen o nome de cás do hortelán, tratou de porlle roparos ó “Compendio de Gramática Galega”, que acaban de publicare as “Irmandades da Fala”.

Tódol-os luares que ll'atopou redúcense apenas a unha ferrata d'imprenta e ó feito de sere aquel compendio, en parte, estrauto sinxelo, craro e maxistral da Gramática notabilísima de Saco e Arce.

Trátase d'unha obriña de vulgarización das regras da nosa lingoa, arelada por tódol-os galegos. Trátase d'unha obriña, útil e patriótica ausolutamente precisa. D'unha obriña tan precisa cóseque coma o pan n'esles momentos e que non fixo ninguén—nin a Academia Galega!—e que

tivemos que facela nós cal vimós facendo canto convén á nosa Patria.

A maior louba, a millor gabanza que poido adicare o sabio gris F. M. ó notable "Compendio de Gramática Galega," foi o de chamarlle copia da de Saco e Arce. Será copia, si, pero unha copia de moito mérito: porque a Gramática de Saco e Arce está agotada, non é manual, non é elemental, e, ademais, tiña un custe superior ós recursos de moitos que aman a lingua nativa e desexan estudala. De xeito que c'o noso "Compendio" — que axiña s'agotará — volvemos a pór en circulación a Saco e Arce, pero en forma doada para todos e dando pé para que outros sintan o estímulo d'escrivire cousas mais compretas.

Inda que ningunha gramática millor que a nosa se poderá facer nin vender por dous rús.

O galego e o castelan

As formas galegas do castelán arcaico teñen sido malamente atribuídas ó dialecto leonés.

Iste nome solamente debe sere donado á fala da maragatería e terra de Astorga. As demais falas en uso dende Portugal y-Extremadura até a montana de Santander son outras modalidades do castelán ou do galego, que non deben sere confundidas c'o dialecto leonés, do cal son perfectamente difrentes.

Pra comprender a influencia do galego sobor do castelán é mester estudar o galego. Isto é unha verdade de Pero Grullo, mais hai que consignala.

Pra comprender a influencia do galego sobor do que se chama dialecto leonés, é mester estudar o galego.

E un erro acudir ó latín pra espricare as formas galegas do castelán e do leonés como transformación das correspondentes latinas.

Deixando aparte, pol-o seu especial carácter, o vascuence e a lingua catalana, cula influencia eisténdose pol-o Ourente de Norte a Sul, non hai mais núcleos lingüísticos na España que o castelán e o galego. Prescindir do estudo d'iste último é renunciar vountariamente á espricazón de moitas cousas que na Filoloxía española e na portuguesa s'esprican pol-o galego; na morfología e na sintásis.

E un erro supór qu'o castelán haxa tomado formas galegas do leonés. O galego era a lingua culta na corte de Castela e a preferida como lingua literaria; o castelan sofreu, como era natural, a súa influencia.

O galego foi lingua literaria denantes que o castelan. Signifílle iste no orden cronolóxico. Mais o leonés non foi lingua literaria endemais. Na España soio o foron o galego (Galicia e Portugal), ó Occidente; o catalán (Cataluña e provincias de Levante), ó Ourente, e o castelan no centro da Península Ibérica, tamen de Norte a Sul.

Pra o estudo do galego temos:

No antigo, as Partidas, os Cancioneiros, os Códices e os documentos que difrentes escudadores van donando a luz; e no moderno, as poesías dos grandes poetas do século XIX, Rosalía Castro, Curros Enríquez, Francisco Afán, Eduardo Pondal, Alberto García Ferrero, etc., e as obras en prosa de Valladares, Lóñez Ferrero e outros varios.

O estudo do galego esprica igualmente

moitos pasaxes pouco comprendidos da Historia da literatura castelan, que nasceu cando os espreidores da literatura galega escomezaban a esvalirse, pro tomando d'ista a insprazón e os procedimentos artísticos.

AURELIO RIBALTA.

XUSTICIA DO POBO

Os tempos son chegados...

Para o irman no nazionalismo

: galego Roberto Blanco Torres:

Os nosos labregos, os párlas,
Os Cristos dos tempos modernos.
Cos corpos cansados de fame
Coás almas muy cheas de mágoas,
Revólvense feros.

Xa se fai escoltar o murmurio lonxano
Da xusticia dos agros. ¡Tremade caciques!
Que vós fustes a úneca causa, o úneco ouxeto
De qu'os servos se sintan tiranos
E fagan xusticia, que nunca tiveron,
C'oas fouces benditas ergueitar, brillando;
Tremantes de rábea os seus anchos peitos,
O baixalas co'a forza do brazo
Sobor da cabeza d'os que os ofenderon,
Dunha santa venganza o pracer sentirán.

E farán deste xelto a xusticia
Da Nación galega, ferida en Sofán.

IGNACIO RODRIGUEZ.

Marzal 20 de 1919.

Aforismos de Nietzsche

¿Ti chamaste libre? Eu quero que me digas o teu pensamento cardinal, e non que tes fuxido d'un xugo.

¿Es ti alguén que tivese o dereito de librarse d'un xugo? Hainos que perden o seu valor derradetro ó librarse da súa sucesión.

¿Libre de qué? ¡Que importa iso! A tua ollado debe anunciarche craramente ¿libre para qué?

Meu irmán, ¿coneces xa a palabra «desprezo»? ¿E o tormento da xustiza de ser xusto c'os que murmuran de ti?

Ti obrigas a moitos a trocal-a opinión que teñen de ti; iso non oesquecen. Arreche-gáchete a eles e pasache adiante; iso non cho perdoarán nunca.

Ti elevaste sobre d'eles; pero canto mais outo subes, tanto mais pequeno te ollan os da envexa. E ninguén tan odiado coma o que voa.

¡Gárdate dos bós e dos xustos! Gústalles crucificare ós que s'inventan a súa propia virtude: odian o solitario.

¡Gárdate da santa simplicidade! Non é santo ós seus ollos quen no é simple.

¡E gárdate tamén dos pulos do teu amore! O solitario alonga a mán con presa d'abondo ó que alopa.

Hai homes a quen non debes darlle a mán, senón soilo a pata, e quero que a tua pata teña poutas.

¡Solitario, ti sigues o camiño que leva a ti propio! E o teu camiño pasa por diante de ti e dos teus sete demos.

Vaite ó teu illamento, meu irmán, c'o teu amore e co'a tua creación, e terá de sere xa tarde cando che siga a xusticia coxeando.

Eu amo ó que quere creare algo superior e d'isa sorte sucumbe.

Fabra Rivas e o nazionalismo

Fai poucas datas estivo de pasada na Crúña o intelixentismo socialista Fabra Rivas, autor de notables libros e redactor de *L'Humanité* de Paris.

Viña, como é sabido d'América, botado d'aquela terra. Fabra Rivas parolou con algú dos nosos irmáns, enterándose cumpridamente do idearium do nazionalismo galego. D'acordo c'o noso credo, oferceu vir axiña a Galicia onde tén mentes de falar en público, eisi para facer propaganda das suas ideas, como para demostrar que o nazionalismo e o socialismo son perfectamente compatibres; e inda mais: que o trunfo do socialismo chegará axeitado a formas nazionalistas.

Teñen verdadeiro interés istas decraracións de un dos socialistas hespañoles mais cultos e de maior prestixio no estranxeiro.

Peneirando...

O xeneral Weyler é nemigo do rexonalismo. E, en troques, amigo d'empregar a forza, s'é perclso, contr'os marroquis.

E nos outros que coldábamos xa morto a ese vello...

¡Lése cada cousa!

II II II

Ben mirado tamén nós somos nemigos do rexonalismo.

Do rexonalismo que ten asoballada a Hespañia. Ise rexonalismo que fai a Galicia feudo de Riestra e compañía; a Castela dos Alba, os Gasset e demais; a Andalucía dos Lachica, os Sánchez Guerra e os Barrosos; a Murcia dos Ciervas e outros compadres...

Cando se fala de rexonalismo, facemos a figa. En troques os... rexonalistas, miran de reollo ós nazionalistas.

Eles saben por qué. Porque os nazionalistas non comulgamos con rodas de muiño. E decátamonos de que o rexonalismo é a nova tapadeira e a postura nova dos caciques.

II II II

Se val facer un cursillo de puericultura no "Circo d'Artesanos," da Crúña.

Falta un nome na lista dos encarregados das conferencias.

O do noso irmán D. Xán Viqueira. Pedagogos e catedráticos de medicina falarán naquel cursillo.

Pero ¿non sería complemento de todo iso unha disertación do Sr. Viqueira?

O autor do notabre libro "Psicología Pedagógica", e de tantos fondos estudos sobre a psicología infantil que honraron as mais importantes revistas hespañolas ¿non era indicado, coma ninguén, para ise cursillo do "Clrco"?

¡Hai un coñecimento dos valores intelectuais da nosa Terra nos señores que queren faceren de cabezoleiros do ridículo Instituto d'Estudos Galegos!

II II II

Os trigueiros de Salamanca, amostraron dend'as columnas de "El Sol", unha verdade vergoñosa.

A de que son de maior custe os trasportes no ferrocarril hespañol pol-a liña d'Astorga, para as cercás, que os feitos pol-o ferrocarril portugués.

Xa que as folgas están de moda, que folguen os comentarlos.

II II II

Os portugueses ollan con recelo o proxecto do ferrocarril de Algeciras á fronteira francesa.

Si na Hespaña houbera consciencia e patriotismo, tódol-os bos hespañoles pensarían coma os portugueses.

Hespaña vivía sendo unha colonia estranxeira no senso industrial e económico.

Con ise novo ferrocarril pasaremos a categoría de zona marroquí, á mercé das grandes potencias.

Eu troques o ferrocarril da costa de Corcublón a Irún, durmindo. ¡Si Xaquín Costa voltase ó mundo!

II II II

Os mauristas da Cruña para colleitar recursos con destino ás suas escolas, orgaizaron unha función teatral.

Escolleron para pór na escea o melodrama *El cura de aldea* de Pérez Escrich.

¡E pensar que ista obra fixo chorar ás portelras sentimentás do século pasado!

Si o Ideal d'esos señores vai tan retrasado coma os seus gustos artísticos...

II II II

Namentras en Cataluña, e aínda tamén noutras rexións, hai intelectuais que veñen estudando o nazionalismo espiritualista do portugués

Teixeira de Pascoaes, en Galicia onde todo isto debería ter fondo interés, agás uns poucos galeguistas ninguén se decata délo.

¡Canta pobreza intelectual hai na nosa disgraciada Terra!

II II II

Hai cousas chocantes.

O xornal de Vigo "A Concordia",—que non se chama galeguista—publicou a conferencia que deu Castelao na "Oliva", en galego.

En troque, "O Noroeste", da Cruña—que nunca se firta de chamarse galeguista—publicou anacos da mesma conferencia en... castelán.

Ben é certo que tamén di en *entrefilets* castelás, que non será bon galego quen non fale o idioma da Terra.

II II II

Dixéronnos que estivo o Sr. Viturro no balcón do "Ideal Galego", arrodeado de tódol-os redatores d'aquel xornal, fai poucos días, vendo pasar unha procesión.

¿E qué? ¡Coidáades quizais que o xornal rexionalista-católico-independente era anticacull!

Pois que vol-o diga Gasset.

Ese fósil da vella e podre política.

II II II

Axíña chega o terceiro aniversario da fundazón das "Irmandades",.

E había parvos que as coidaban cousa de poucas datas...

Pois as "Irmandades", cada vez mais fortes tragnerán para a Terra o trunfo da liberdade.

Tipográfica Obrera.—Socorro. 3

LA MODERNISTA

GRAN SALÓN DE BARBEIRIA

—DE—

RAMOSEACEA

San Andrés 94, 1.º—A CRUÑA

Establecemento de primeiro orde, dotado de estufa de desinfección e tódol-os aparatos higiénicos. Especialidade en lavabos de cabeza, loclós e friclós de todas clases.

Nota: N'este establecemento atopará o público un servico permanente a cárego dos seus propietarios, antigos dependentes das máis importantes peluquerías, desta capital.

Farmacia Europea

— DE —

López Abente

REAL, 55

A millor surtida da Cruña e un dos establecimentos da sua crase que mais honran a Galicia. Montada con arrego ós derradeiros adiantos.

SASTRERÍA

DE

AMBROSIO GUDE

RUA REAL, 59-1.º

N'este acreditado establecemento, que conta co'a clientela mais elegante da Cruña, fánse traxes á medida, uniformes militares e demais prendas de vestir.

Todo con arrego á derradeira moda.

SASTRERIA

— DE —

EMILIO MUÑIZ

¡TRAXES ULTIMA NOVEDÁ!

N'este acreditado establecemento fanse traxes á medida con arrego á última moda e a prezos económicos.

ESMERO E PRONTITÚ

CONTA CON BOA CLIENTELA

CABALLEROS, 116, BAIXO

A CRUÑA

Faise cárego de todas as cras de traballos gráficos, en imprenta, litografía e fotograbado, así coma sellos de caucho

A Papeleira Galega

FÁBRICA DE BOLSAS DE PAPEL
DE TODAS CRAS
FOTOGABADO

BARBEIRA, 7

A CRUÑA

Teléf. 434

Os viños e coñas millores

son os qu'eiporta a casa de PEDRO DOMEQ, de Xerez da Fronteira, fundada en 1737. A casa máis antiga de Xerez.

O vermouh más selecto

de mundial e reconocida sosa é o ZINZANO (Torino).

O Anis do Mono

é un einspréndido licore sin rival

Pra viños de mesa

non hai outros com'ós dos cosecheiros eiportadores Sres. R. LÓPEZ DE HEREDIA (Haro). Casa central: Pazo da Equitativa.—MADRID.

REPRESENTANTE EISCRUSIVO: (matriculado) de todas istas marcas

José C. Juncosa

Galera, 39 é 41-2.º piso.—A CRUÑA

FRÁBICA MECÁNICA
 :: DE CALZADO ::

— DE —

ANXEL SENRA

RÚA XUAN FLÓREZ

Depósito: Cantón Grande, 15
A CRUÑA

LEUTORES:

Quen queira ter un traxe bóo e xeltoso, e que lle coste pouco dífielro, qu'ó faga na xastaría de

Xosé Varela

CIRCO, 16 - BAIXO - VIGO

HOTEL CONTINENTAL

Castelar, 8 e Olmos, 28
O MELLOR SERVIZO

— DE —

M. Losada Prado
A CRUÑA

Obras de Leandro Carré

Contos e diálogos, 60 céntimos.
Tolerías, 50 céntimos.

Pedilas nas boas librerías, ou ao seu autor, San Roque, 6, 2.º, enviando 25 céntimos mais para seren remitidas por correo certificado.

GRAN FONDA
Las Cuatro Naciones

San Andrés, 102.—A CRUÑA

O novo dono d'ista fonda, no seu desexo de mellorar o trato aos señores viaxeiros, fixo grandes reformas.

Xántase ben, e os precios están ó alcance de todos.

H. LA PALOMA

— DE —

Ramón Morandeira

Este esprendido establecemento, situado no no mais céntricos da poboación, axeitado á eutura dos millares da súa cras, conta con espazosas e aireadas habitazons, boa e abundante mesa, un servizo puntual l esmerado, e asistencia facultativa pol-o enxebre e renomado doutor Á. Otero.

Fonte de San Antón, 20 — Santiago

Abonos Químicos Mineraes

Cementos, Sulfato de cobre, Azufres, Caldo bordelés ROUCH

Rexenerador ROSTTAM pra os animaes debles, pra que as gallñas poñan mais hoves, etcétera.

Pídanse prezos e condizós a

Fernández, Fano y C.ª—A CRUÑA

Consultorio Médico-Quirúrxico
J. Lastres

Consulta e tratamento d'as enfermidades en general

ESPECIALIDAES

Piel, (incruso cáncer, lepra, lupus, e úlceras atónicas) — Peito, Estómago, Anemia
Reumatismo, Artritis deformantes
Neuralgias, Arterio-esclorosis, Parálisis

Electroterapia, Aeroterapia, Seroterapia, Análisis.

RAYOS X

Gabinete l isioterápico: Consultas de 10 a 12
Tratamentos e prezos a horas convencionaes.
Non se fai asistencia aos fogares

Praza d'Ourense, 2-1.º (esquiña a Picayía)
A CRUÑA

VIÑOS FINOS
RIOXA - MEDOC

Felipe Ugalde - Haro

Concesionario en Galicia:

WALDO LOSADA - A CRUÑA


a nome de quen deben vir os pedidos da Rexión

Gran H. Universal

Rúa da Reina (da Raiña), 21—LUGO
O MÁIS NOVO E O MILLOR

Ten carto de baño moderno. Dispón de teléfono (núm. 116) e de coche da casa pra todol-os trens.

O GRAN H. UNIVERSAL merece ser visitado



COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

Servicios directo desde o porto da Cruña

LINEA DE HABANA A VERACRUS

Prezo en terceira a Habana.	Ptas.	298'60
Veracrús		313'60

Facilitanse billetes de ferrocarril da Habana a Santiago de Cuba pol-o prezo de Ptas. 35.

Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informos sóbor de datas de saída, prezos do paxase e tipos de flete, dirixirse ó seu Consignatario

D. Nicandro Fariña

Rúa de Compostela, esquiña á Praza de Lugo

NOTA.—Quedan sin efecto total-as tarrxetas de visita, pois non se deixa entrare a bordo.